



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena
Alverte Pivida, Rodrigo
Araújo Nespereira, Pedro Antonio
Area Carracedo, Iván Carlos
Balsa Fernández, Nicolás
Blanco Sierra, Javier
Cancho Grande, Beatriz
Carballo González, M^a de los Ángeles
Carro Parafita, Pedro Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Costa González, Alicia
Dapia Conde María Dolores
De Blas Varela, M^a Esther
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Estévez Iglesias, Bruno
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Rey, Aser Ángel
Fernández Riverola, Florentino
Fernández Souto, Ana Belén
Formoso Vázquez, David Elisardo
Fraiz Brea, José Antonio
Franco Matilla, M^a Inmaculada
García González, Silvia
García Mateo, Carmen
Garrido Campos, Julio
Gómez López, Carlos
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González Almón, Yasmina
González Varela, Luis
Guisande Rivas, Uxía
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Periago, José Eugenio
Magaz Ledo, María Luisa
Martín Moreno, José M.
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Mojón Ojea, Artemio
Morán Martínez, M^a Paloma
Novas Míguez, Javier
Oca Cancela, Guillermo de
Pardo Froján, Juan E.
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, Ma de los Ángeles
Pérez Álvarez, María José
Pérez Guerra, Nelson
Pérez Paz, María Flor
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rivas Conde, Filemón
Rivo López, Elena
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Rodríguez, José Manuel
Rodríguez Vázquez, Sabela
Rolán González, Katia
Rubio Armesto, M^a Belén
Siota Álvarez, Mónica
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Torres Outón, Sara M^a
Torres Romay, Emma
Vaquero García, Alberto
Villanueva Torres, Daniel
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
Balado Barciela, Adrián
Baltrusch, Burghard
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Bouza Rodríguez, J. Benito
Bueno Alonso, Jorge L.
Castro Cerceda, M. Luisa
Comesaña Piñeiro, Rafael
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Cuiñas Gómez, Iñigo

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **6 de febreiro de dous mil dezanove**, convocada para ás 10.00 h en primeira convocatoria e ás 10.30 h en segunda na Aula Magna da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo – Campus As Lagoas, Ourense.

Acadado o quórum necesario ás 11:00 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 3 de decembro de 2018.
2. Informe do reitor.
3. Presentación do “Informe sobre acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo”.
4. Presentación e debate do programa de captación de alumnado.
5. Aprobación, se procede, do procedemento de elaboración do plan estratéxico.
6. Informe de previsión de creación de prazas de corpos docentes universitarios.
7. Rogos e preguntas.

Sortéase a letra para ordenar as intervencións: será o Z.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 3 de decembro de 2018.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O Sr. reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Peche de centros: de xeito piloto, farase durante 8 días no mes de agosto; estase a traballar cos directores e decanos, sindicatos e xefes de servizo. O obxectivo principal é o aforro enerxético e a racionalización das vacacións. No futuro poderase estender. Ditaranse as exencións que fagan falla.
- Masa salarial: Amosa unhas cifras relativas ao alumnado da Universidade de Vigo en comparación cos orzamentos, amosando que somos a que máis aforra en persoal do SUG (55% fronte ao 64% da media estatal). Tentarase negociar coa Xunta un incremento da masa salarial, para mellorar o cadro de persoal do PAS e do PDI. Para o 2019 xa conseguimos medio millón de euros adicional. Tentarase acadar un millón máis anual, de cara ao futuro. A evolución da masa salarial é unha previsión conservadora, seguindo o cumprimento das regras de gasto da Xunta de Galicia.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Dafonte Gómez, Alberto
Diéguez Quintas, José L.
Dominguez Blanco, Santiago
Dominguez Domínguez, Rubén
Falagán Mota, Jorge
Fariña Rodríguez, José
Fernández Suárez, Emilio
Ferreiro Vázquez, Oscar
Ferro Soto, Carlos
Gallego Veigas, Pedro Pablo
García Pascual, Marcos
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Fariñas, Beatriz
González Álvarez, Dolores
González González, Alfredo
González Hernández, Margarita
González López, Raquel
González Santamaría, Pedro
Iglesias Briones, María Jesús
López Mira, Álvaro Xosé
López Sánchez, Óscar
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Macías Cambra, Enrique
Moldes Pita, Óscar
Mollinedo Lois, Carlos
Moure, María José
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Patiño Vilas, David
Pérez Cota, Manuel
Pérez Diz, Ángel
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Rodríguez, María Rosa
Pino Rodríguez, Zeltia Augusta
Rico Fuentes, Juan Jesús
Ríos Santomé, María José
Rivas Ferreiro, Mauro
Rodríguez Gomes, Ricardo Miguel
Sotelo Dios, Patricia
Souto Eiras, Xoel
Teira González, Eva
Vázquez Otero, Elsa
Vila Alonso, Mercedes
Zas Varela, Mónica

- Paga extra del PDI: explica o feito nesta primeira etapa do ano. Fala dos distintos compoñentes da paga extra do PDI. Durante o ano 2018 pagarase a metade do compoñente por méritos docentes (en febreiro). O resto recuperarase progresivamente e con transparencia, canto se teña claro a cantidade de prazas que se podan sacar. Se pretende pagar incluso con carácter retroactivo e deixarse para o final o complemento por cargos académicos.
- Axuste de fondos de biblioteca: houbo que recortar para facer fronte a outras medidas que implicaban desembolso económico. Pedíuse que se recortara en fondos duplicados especialmente, reservando preferentemente os fondos electrónicos. De todos os xeitos se inviste en biblioteca máis que na USC e na UdC. Traballárase en mellorar a dotación das humanidades especialmente.
- Instrución de dietas da Xerencia: actualizouse recentemente esta Instrución, se pensa que nos facilitará a vida a todos.
- Alegacións á creación dunha Universidade privada: ABANCA prevé a creación dunha Universidade Privada, “Universidad Internacional de la Empresa”, con sede en Santiago de Compostela. Presentáronse alegacións ao proxecto por parte da Secretaría Xeral no portal de transparencia da Xunta de Galicia. Ao xuízo do reitor, Galicia non precisa deste proxecto, e as titulacións xa instaladas no SUG non deberían duplicarse, como parece que vai acontecer.

O Sr. Luis González pregunta se existe unha posición única das tres universidades públicas en relación co proxecto de ABANCA. O Sr. reitor aclara que se pediu que o punto se incorpore na próxima reunión do Consello Galego de Universidades, por partes dos tres reitores, e cre que debería haber un debate político. Espera que as tres universidades vaian da man.

3. Presentación do “Informe sobre acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo”.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. María Lameiras para que presente o informe, agradecendo a colaboración do Consello Social pola axuda recibida.

A Sra. María Lameiras presenta o informe, que se axuntará como anexo (**Anexo I**) á presente acta, e que foi elaborado en colaboración con outras dúas investigadoras.

O Sr. Pedro Carro, representante do alumnado, quere saber se se pode acceder ao texto do informe. A Sra. Lameiras sinala que está dispoñible na web da Universidade.

A Sra. Sabela Rodríguez pregunta se hai recursos suficientes na Unidade de Igualdade de cara a estes asuntos. A Sra. María Lameiras indica que existe un protocolo. A alumna pregunta se o protocolo serve. A Sra. María Lameiras di que o protocolo é necesario pero insuficiente, xa que non serve para tratar á vítima.

O Sr. reitor rexeita certos comportamentos deplorables e que na Universidade de Vigo hai tolerancia cero cara a violencia machista. En canto chegou ao goberno da Universidade activouse a comisión de acoso sexual, polo que está tranquilo neste eido, xa que a Unidade de Igualdade pasou a depender directamente do reitor. Haberá outras medidas, sobre todo preventivas, que serán presentadas proximamente no

Claustro e no Consello de Goberno e espera que se podan implantar con total normalidade. Este é o primeiro informe nunha universidade española e agradece o labor feito neste eido polas investigadoras e polo anterior equipo de goberno. Estase a traballar tamén de xeito conxunto coa Xunta de Galicia para o financiamento das medidas.

4. Presentación e debate do programa de captación de alumnado.

O Sr. reitor cede a palabra á Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.

A Sra. Natalia Caparrini presenta as liñas xerais do plan. É un plan gradual en catro anos, traballado coa directora de área, Susana R. Barcia, e co SIE. Fíxose en primeiro lugar un estudo da evolución da matrícula, que é decrecente. A idea é manter ao alumnado e cortar a tendencia á baixa. Fíxéronse, así mesmo, nos graos con problemas de matrícula. Asemade, enviáronse enquisas aos decanatos para saber de que xeito foron coñecidos os graos elixidos polo alumnado (principalmente, por familiares ou amigos ou pola web da Universidade; con pouca incidencia das feiras ou da prensa). Valorouse a procedencia do alumnado, segundo foran ou non de Galicia (principalmente asturianos ou leoneses) ou estranxeiros. Pedíuse información sobre os traslados de expedientes na ABAU. Fíxéronse estudos e análises sobre a procedencia do alumnado estranxeiro (aprox. o 50% de iberoamérica e o 50% do resto da UE). Completouse cun estudo sobre a muller nas enxeñarías. Visitáronse os centros e fixéronse entrevistas cos equipos directivos para saber como organizan a captación, con resultados bastante semellantes, xa que todos participan nas actividades do SIE, aínda que criticaban a súa organización e que este tipo de actuacións recae sempre nos equipos directivos, con escasa colaboración do PDI, a causa do escaso recoñecemento, reclamando unha coordinación institucional.

A finalidade do plan é dar a coñecer a nosa oferta formativa coa idea de promover e liderar a captación do alumnado no SUG. As actividades estrutúranse por bloque formativos segundo colectivos (mulleres, secundaria...). Organízase pola vicerreitoría, con diferentes responsables (outros vicerreitores ou servizos) e requirindo a participación dos diferentes participantes, establecendo un calendario. Cada actividade terá o seu propio orzamento. A continuación presenta as distintas actividades pensadas, expoñéndoas brevemente.

- 1.- Actividades internas previas á captación (1-6): mercadotecnia institucional xa hai cousas feitas ao respecto).
- 2.- Plan de comunicación, xunto coa vicerreitoría de comunicación, a través da web institucional e outros canles.
- 3.- Crear un/unha coordinador/a de difusión.
- 4.- Recoñecementos en Docencia.
- 5.- Programa de voluntariado para o alumnado.
- 6.- Actividades destinadas á secundaria (6-15): sesións informativas xerais e específicas.
- 7.- Xornadas comarcais de orientación: xa se fixeron dúas (Verín e Pontearreas).
- 8.- Visitas guiadas polos Campus, baixo xestión do SIE.
- 9.- Xornada de Orientación Universitaria na propia Uvigo (será a semana que ven no Campus de Vigo).
- 10.- Obradoiro de orientación e acceso a alumnado de Bacharelato.
- 11.- Obradoiro de orientación a orientadores/as.
- 12.- Sesións informativas para ANPAS.
- 13.- Xornada de portas abertas para familias.
- 14.- Participación en feiras de orientación universitaria (Unitur/ Edugal).

- 15.- Feira virtual patrocinada pola CRUE
- 16.- Divulgación (16-23) Actuacións de divulgación científica nos institutos (16- 23).
- 17.- Olimpíadas do saber.
- 18.- Proxectos colaborativos.
- 19.- Obradoiros de captación de talento.
- 20.- Semana da Ciencia.
- 21.- Venres científicos.
- 22.- Estancias educativas.
- 23.- Campamento científico.
- 24.- Accións para captar mulleres na enxeñaría (24-26): Inspira STEM Galicia.
- 25.- Charlas de mulleres na enxeñaría.
- 26.- Obradoiros ou Talleres específicos.
- 27.- Alumnado estranxeiro (27-30): Feiras.
- 28.- Programa de embaixadores.
- 29.- Estender as actividades ao norte de Portugal.
- 30.- Campus Spain para alumnado asiático.
- 31.- Accións de posgrao (31-34): másteres virtuais.
- 32.- Feiras de posgrao.
- 33.- Vídeos de promoción dos posgraos.
- 34.- Xornadas de orientación específicas.
- 35.- Outros: (35-40) Campos de traballo en verán.
- 36.- Actividades con persoas egresadas.
- 37.- Integración de persoas con necesidades especiais.
- 38.- Integración de persoas sobredotadas.
- 39.- Programa de maiores.
- 40.- Plan específico para graos con dificultades.
- 41.- Sociedade (41-44): presenza en contornos urbanos.
- 42.- Presenza en contornos rurais.
- 44.- Cultura, lecer, medio ambiente, deporte.

O Sr. Pedro Carro, representante do alumnado, opina que se debería tentarse facer a Universidade máis atractiva, e rexeita o punto relativo á participación da familia. A Sra. vicerreitora entende que a nosa Universidade é atractiva e defende a presenza da familia como un mecanismo máis. O Sr. reitor pon exemplos relativos á oportunidade do coñecemento da familia. O Sr. Carlos, representante do alumnado, cre que o maior atractivo debe ser incrementar a calidade educativa, a través dos recursos da Universidade. A Sra. vicerreitora indica que se está a traballar nesa liña. O Sr. Luis González, representante do alumnado, critica o gasto en certos produtos de publicidade que, ao seu entender, non son eficaces, en vez doutros, como a asistencia a determinadas feiras ou eventos específicos. Critica a ausencia de profesores universitarios nos institutos. Fala da posibilidade de que filmen vídeos educativos

rápidos que se poidan colgar en youtube. A Sra. vicerreitora toma nota da proposta e di que a estudiará. Está de acordo na necesidade de optimizar os recursos. A Sra. Paloma Morán bota en falla a colaboración do profesorado. Cometa diversas cuestións: sobre proxectos colaborativos cos institutos (entende que falla certa coordinación); os campus científicos de verán (deberían ter máis recoñecemento); reponde aos alumnos que a calidade dos laboratorios é moi boa en comparación con outros países. En canto aos vídeos, cre que xa hai algúns feitos. En relación cos posgraos, fala dos problemas de desaxuste na web e que a modalidade semipresencial supoñe moito esforzo e que deben abordarse certas iniciativas con coidado. A Sra. Elena Alonso formula se haberá algunha medida sobre bolsas. A Sra. vicerreitora indica que non hai unha acción prevista ao non haber orzamento previsto. A Sra. Katia, de alumnado, cre que debería haber un punto específico dedicado ao segundo curso da ESO. O Sr. Luis González indica que debería reformularse o recoñecemento de créditos en relación coa optatividade de libre elección, aínda que é consciente dos problemas, e o conecta co voluntariado do alumnado e as bolsas. A Sra. vicerreitora está de acordo en que debería haber algún tipo de recoñecemento por labores de voluntariado, pero recalca o problema das bolsas de formación para o alumnado.

O Sr. reitor agradece as intervencións e dá a noticia do estudo da CRUE, sobre a evolución de matrícula na universidade española, que é de clara tendencia á baixa, polo que é importante o plan de captación de alumnado. En canto á calidade dos laboratorios, opina que é moi boa e que as medidas que se tomen sexan atractivas e que fagan que o estudante atope a información que precisa. Temos moito traballo feito e ás veces falla a comunicación. O Sr. Pedro, de alumnado, aclara certos puntos sobre a calidade da Universidade e apunta certos vídeos de física teórica que hai na rede.

5. Aprobación, se procede, do procedemento de elaboración do plan estratéxico.

O Sr. reitor procede a explicar as liñas xerais do plan.

Fase 1: Análise estratéxico: o responsable será o Claustro mediante unha comisión.

Fase 2: Formulación estratéxica con traballo de comités específicos.

Fase 3: Fase de validación.

Fase 4: Fase de debate e aprobación no Claustro, despois polo Consello de Goberno e, finalmente, polo Consello Social.

Presenta a proposta de comisión de traballo.

A Sra. Sara Torres pregunta sobre a representación dos diferentes ámbitos e sectores e o Sr. reitor indica que haberá representación do PDI A e do PDI B (6+2). A representación será con axuste global de xénero e campus. Abre un prazo para que se presenten candidaturas e non próximo Claustro se elixirán os membros do Comité Director.

6. Informe de previsión de creación de prazas de corpos docentes universitarios.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado comeza a súa presentación sobre a planificación de prazas de PDI para a promoción de funcionarios. Comeza falando das bolsas de acreditados e da incerteza do marco legal existente. Trátase dun sector (entre outros catro) da política global da Universidade de Vigo en materia de profesorado, polo que os recursos son limitados: promoción, estabilización, novas prazas, recuperación de dereitos do PDI, política de programas de investigadores. Aquí trátase da promoción, que non se refire á solución dos desequilibrios entre áreas ou ámbitos. O instrumento básico para a dotación de prazas é a OEP. Presentará as dúas próximas e a evolución posible.

En canto á de 2017, está na súa fase de finalización agora mesmo, e achega os datos correspondentes. O total de prazas na OEP é de 54 (20 CU, 20 TU e 14 CD) en aplicación da normativa vixente. Esta OEP foi

responsabilidade do equipo de goberno anterior, aínda que lle parece axeitada ao actual vicerreitor. Concluirá previsiblemente entre febreiro e marzo.

A OEP de 2018 xa está en marcha, publicada no DOG. A taxa de reposición é de 29 (do 108%). O total de prazas é de 53 (24 CU, 24 TU e 5 CD). Aprobaranse uns criterios estables.

A OEP de 2019 está por xestionar. Espérase unha taxa de reposición en torno a 24, segundo os datos de 2018. O total de prazas será 44 (20 CU, 20 TU e 4 CD). Espérase que sexa publicada en novembro e que se resolvan as prazas en setembro de 2020.

A OEP de 2020 é máis incerta, pero agárdase un número maior de prazas. As estimacións roldan as 94 prazas (43 CU, 43 TU e 8 CD). Irán adiantándose o máis posible os prazos de tramitación.

En setembro de 2020 se terán xerado 87 cátedras e 87 titularidades, previsiblemente.

En canto a baleirar as bolsas, depende do número de xente acreditada. Probablemente quedará baleira a bolsa de persoas acreditadas a cátedra. A previsión en canto a bolsa de persoas acreditadas á titularidade é un pouco máis numerosa, pero quedara case baleira.

A promoción é un dereito individual, baseada sobre criterios seguros e previsibles (por antigüidade na data de acreditación), o que se quere combinar cunha serie de intereses institucionais. As listaxes que resulten do procedemento de selección se farán públicas na web da Universidade.

Remata indicando a viabilidade económica da proposta, sinalando que hai tres anos para executar cada OPE, o que pode afectar a certas prazas (promoción cara a CD, en particular).

O Sr. reitor aclara a reserva prevista do 20% para políticas especiais de profesorado, que este ano non se empregará.

Ábrese a rolda de intervencións. A Sra. Paloma Roldán aclara que cabe a posibilidade de que persoas de fóra da Universidade acaden prazas de funcionario, o que pode afectar aos orzamentos, aínda que non parece que vaia suceder. Non hai máis intervencións.

7. Rogos e preguntas.

O Sr. reitor lembra que se comezará pola letra Z. Interven en primeira rolda: Martín Llamas Nistal, Luis González, Julio Garrido, Álvarez Moreiras, Yasmina González Almón e Federico Fernández.

O Sr. Álvarez Moreiras pregunta para cando un regulamento de avaliación e para cando un regulamento disciplinario. O Sr. reitor aclara que se está a traballar coa representación do alumnado.

O Sr. Federico Fernández subliña que a taxa de xubilacións dos PAS incrementarase e solicita unha análise á Xerencia, de cara ao previsible déficit de persoal. O Sr. reitor indica que toma nota e que é consciente do problema. Traballarase nunha nova RPT que incluíra este asunto.

O Sr. Julio Garrido fala do grao de robótica agroforestal a implantar no Campus de Lugo, que se oferta como robótica a secas. Indica que hai coincidencia cun grao da Universidade de Vigo na EEII. Agradece que o reitor fora xa consciente deste problema, e pregunta cal vai ser a postura da Universidade a este respecto en reunións posteriores de cara a este asunto que lle preocupa ao seu departamento e que outra Universidade se salta o marco vixente sen consecuencias aparentes. Non se opoñe ao grao en robótica agroforestal, pero si a que se apoderen do temario xeneralista desta titulación. O Sr. reitor fala do acordo entre as tres universidades reflexado nunha folla de excel, no que figura o grao en robótica agroforestal. Cando chegue o asunto ao Consello de Universidades esgrimírase o acordo existente, aínda que o actual equipo da USC non foi o que negociou este grao. Non é optimista de cara a este asunto e pensa que foi un erro de cara a nivel do SUG, que probablemente suporá a necesidade de realizar fichaxes na UVigo. Comprométese a informar ao Claustro da evolución deste problema.

O Sr. Luis González pregunta polo proceso de modificación de regulamentos debido aos Estatutos. En concreto, sobre o regulamento do PDI e a inclusión de certos investigadores como tales, a raíz dunha recente sentenza. Pide que se xere un convenio colectivo dos investigadores na Universidade de Vigo. O

Sr. reitor aclara que os investigadores non están nas mesas de negociación e cre que é lóxico que teñan representación sindical. Deberían dispoñer dunha canle de representación nas negociacións. Comprométese a estudar o asunto. O Sr. vicerreitor de Profesorado indica que non están incluídos nos convenios actuais que, ou ben se modifican, ou ben se dá lugar a un convenio novo. Cre que é mellor esperar a que se publiquen os novos Estatutos da Universidade de Vigo.

A Sr. Yasmina González Almón quéixase de que a comunicación a través de certas listas de correo xera problemas para que se decaten de certas novas ao non estar actualizadas. O Sr. reitor aclara que se falará cos centros e que se actualizarán.

O Sr. Martín Llamas fala do retraso na contratación de persoal con cargo a proxectos. Pregunta pola diferenza na resolución dos trámites entre contratación con cargo a proxectos nacionais e internacionais. Critica as datas de incorporación previstas das convocatorias como causa, entre outras, do retraso. Pide que o tempo de tramitación sexa semellante e que dado o retraso actual, se permita estender no tempo a utilización dos fondos dos proxectos afectados. O Sr. reitor aclara que houbo problemas coa implantación dun novo programa (o MUS), aínda que se están a resolver. Pide desculpas por este problema que afectou a varias persoas e confía en que non haxa dificultades de cara ao futuro. Cede a palabra á xerente, quen se desculpa. Os prazos foron inicialmente previstos sen pensar nos fallos do sistema. A día de hoxe, os documentos xa están listos. A idea é que todo sexa máis áxil de cara ao futuro.

A Sra. Sabela Rodríguez pregunta polo peche de salas de ordenador no Campus de Ourense nos meses de novembro e decembro e pola redución do horario da biblioteca no mesmo Campus. O Sr. reitor di que se falou co director da biblioteca e que o problema foi durante dous días. De cara ao futuro se negociará o horario con meses de antelación. Preguntará o que pasou coas aulas de informática, aínda que o achaca aos problemas de contratación de bolseiros. Fala dos custes deste tipo de medidas que, en todo caso, debe favorecer ao alumnado da nosa Universidade. A Sra. Sabela aclara certos datos e o Sr. reitor di que estudará o asunto e pídlle a información de que dispón a alumna. A Sra. Sabela Rodríguez fala da redución de horarios do persoal da biblioteca e o Sr. reitor aclara o asunto. A alumna manifesta que entende que a Universidade é un espazo público, aberta a toda a cidadanía. O Sr. reitor aclara como é a situación na biblioteca do Campus de Ourense e comprométese a falar coas institucións locais. A Sra. Sabela Rodríguez insiste na súa formulación.

A Sra. Uxía Guisande pregunta pola saída das bolsas de comedor, que presentan retraso. A Sra. vicerreitora de Alumnado di que xa pasou por control interno e que a convocatoria sairá nesta semana. Acalar que o problema do retraso debeuse as bolsas do Ministerio.

O Sr. Carlos Gómez agradece a convocatoria do Claustro no Campus de Ourense e que se manteña no tempo. Pregunta por que hoxe houbo transporte de Vigo a Ourense e non ao revés. O Sr. reitor aclara que sempre que se pida o transporte se pedirá, se hai xente que así o solicita. Agradece que se acadara o quórum necesario. Haberá Claustro en Pontevedra.

O Sr. Bruno Estévez pregunta se sería posible que houbera algunha parada para recoller aos representantes do alumnado do Claustro. O Sr. reitor indica que o estudará.

O Sr. Pedro Carro indica que no comedor de Minas non se renovou a lista de prezos do comedor da escola; que se ten dado caídas nas plataformas de FAITIC e secretaría virtual; e pregunta sobre o problema dos datos dun alumno que foron divulgados por un erro informático. Como cuestión de orde pregunta pola comida de hoxe para o alumnado. O Sr. reitor manifesta os problemas que supoñen os trámites de contratación e que moitas veces hai prórrogas automáticas. Haberá que dar unha volta ao sistema de cafeterías na Universidade. En canto á seguridade informática alude aos problemas coas plataformas existentes, e se optará probablemente por unha plataforma única, en traballo conxunto cos servizos técnicos, probablemente Moodle. Aclara que FAITIC é un dos servizos máis valorados, aínda que está pendente dunha actualización. Aclara o que sucede coas listas de correos, foron xa resoltos e pide que os erros de seguridade se comuniquen inmediatamente. O representante do alumnado indica que certos problemas apareceron onte mesmo, e alerta deles. En canto ao comedor de Minas, cre que os prezos deben ser máis claros.

O Sr. Luis González fala da normativa de compensación de créditos e sinala que un centro a incumpre sistematicamente (en concreto, a EEEI) e pregunta que se vai facer. O Sr. reitor indica que estudará o asunto, aínda que hai mecanismos para facer fronte a estes fallos. O Sr. Juan Pardo resposta que na avaliación por compensación o seu centro non incumpre a normativa, xa que é a comisión correspondente a que valora se se concede ou non.

O Sr. reitor entende que o mellor sería aclarar máis a normativa existente.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.25 h do día 6 de febreiro de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O reitor

O secretario xeral